



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Popular de Galicia con número de rexistro **45335 (10/PNC-003644)**, sobre a realización dun estudo respecto do impacto do deseño na economía galega, que figura na orde do día da Comisión 6ª, prevista para o vindeiro 19 de febreiro de 2019.

### Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Realizar -con medios propios e en colaboración co sector e as universidades galegas- un estudo sobre o impacto do deseño na economía galega para coñecer con detalle a súa dimensión e introducir, cando menos:

a) a ser posible, establecer unha comparativa co resto das comunidades autónomas.

b) o estudo sobre o investimento económico por parte da Xunta de Galiza, dos fondos europeos e do sector privado, diferenciando estas contribucións.

c) o impacto laboral.

2. Remitir o informe á Cámara galega para o seu debate.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3. Garantir a dispoñibilidade dos documentos referentes ao Programa de Deseño para a Innovación 2020 en galego, xa que neste momento se atopan exclusivamente en castelán evidenciando unha vez máis o desleixo da Xunta de Galiza e da Consellaría de Economía, emprego e industria cara a nosa lingua propia incumprindo os consensos na materia.”

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 18/02/2019 11:18:40**

**Ana Pontón Mondelo na data 18/02/2019 11:18:45**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Popular de Galicia con número de rexistro **45296 (10/PNC-003642)**, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para corraxir as deficiencias detectadas no procedemento de concesión do bono social, que figura na orde do día da Comisión 6ª, prevista para o vindeiro 19 de febreiro de 2019.

### Emenda de adición

Engadir o seguinte texto:

“4. Demandar a redución do IVE da tarifa eléctrica.

5. Demandar unha nova regulación que supere as deficiencias actuais do bono social, garantindo a cobertura exclusivamente con base a criterios económicos e de renda e asumindo o seu custo os orzamentos xerais do Estado.

Así mesmo, o Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Modificar as condicións de acceso do tócket eléctrico da Xunta de Galiza marcándose como obxectivo que chegue cando menos ao 80% do público albo.

2. Desenvolver con maior intensidade as competencias recollidas no Decreto 118/2016 través do Instituto Galego do Consumo e da Competencia para informar e asesorar a través do mesmo, a comezar por:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

a) desenvolver unha campaña específica sobre a cobertura do bono social e do ticket eléctrico que vaia máis alá da edición dun panfleto incompleto e que inclúa, cando menos, un despregamento real polo territorio e a posibilidade de contar con persoal que tramite en persoa estes dous mecanismos.

b) desenvolver un estudo sobre o alcance en Galiza destas dúas medidas de cara a:

b.1) mellorar a da Xunta de Galiza e dirixirse ao goberno central para mellorar o bono social.

b.2) recabar os incumprimentos das eléctricas e poñer en marcha, se é preciso, unha demanda colectiva contra as mesmas.”

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 18/02/2019 11:15:04**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 18/02/2019 11:15:11**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia con número de rexistro **38709 (10/PNC-003093)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a competitividade das empresas do sector turístico, que figura na orde do día da Comisión 6ª, prevista para o vindeiro 19 de febreiro de 2019.

### Emenda de adición

Engadir un novo punto que pasa a ser o quinto co seguinte texto:

“5º) Cumprir as actuacións previstas ao abeiro da Estratexia de Turismo de Galiza 2020, sistematicamente desatendidas por parte da Xunta de Galiza.”

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 18/02/2019 11:20:32**

**Ana Pontón Mondelo na data 18/02/2019 11:20:38**



## Á MESA DA COMISIÓN 6.<sup>a</sup>

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. 42442, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para manter o emprego e a capacidade de produción nos centros de Ferroatlántica en Galicia, incluída na orde do día da Comisión 6.<sup>a</sup> do 19 de febreiro de 2019 (10/PNC-003437).

### EMENDA DE ADICIÓN

Débense engadir ao final da parte resolutiva os seguintes puntos:

6.- Poñer en marcha unha auditoría financeira para concretar os ingresos das centrais hidroeléctricas de Ferroatlántica dos últimos 10 anos. Da mesma maneira auditar todas as contas e resultados das mesmas para determinar se están a soportar cargas económicas improcedentes ou desmesuradas comparadas con prezos de mercado.

7.- Cos resultados da auditoría mencionada no punto 6, exixir a Ferroatlántica facer as inversións necesarias nas súas factorías que garantan a súa viabilidade, segundo o que marcan as condicións da concesión das centrais.

8.- Cos resultados da auditoría mencionada no punto 6, exixir a Ferroatlántica o cumprimento da súa obriga, recollida nas condicións da concesión, de desenvolver un plan industrial para as súas factorías e para a comarca da Costa







da Morte. Cousa que nunca fixo en todos os anos en que leva ostentada a concesión.

9.- Para mellorar a competitividade e garantir a viabilidade das súas factorías de Cee e Dumbría, exixir a Ferroatlántica que utilice as posibilidades que como autoprodutor ten para conseguir uns costes de consumos eléctricos moi inferiores aos do mercado e totalmente competitivos cos das súas factorías situadas fora de Galicia.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Luís Villares Naveira

Deputado e voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 18/02/2019 14:26:08**

**Luis Villares Naveira na data 18/02/2019 14:26:18**



## Á Mesa da Comisión 6ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que debes levar a cabo a Xunta de Galicia e as que debe solicitar do Goberno do Estado en relación á empresa eléctrica Grupo Endesa, especialmente nas Pontes (doc. núm. 45078).

### Emenda de modificación

Na letra b) da parte resolutiva da iniciativa onde di: “... a comezar por exixir do Goberno do Estado ...”, debe dicir: “...a comezar por exixir dos grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados ...”

### Emenda de modificación

A letra d) da parte resolutiva da iniciativa quedará redactada do seguinte xeito:

“d) Demandar da CNMV a elaboración dun informe sobre a actuación dos propietarios de Endesa desde a súa privatización.”

Pazo do Parlamento, 18 de febreiro de 2019

### Asinado dixitalmente por:

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 18/02/2019 16:08:19**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/02/2019 16:08:30**



## Á Mesa da Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Abel Losada Alvarez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para corrixir as deficiencias detectadas no procedemento de concesión do bono social (10/PNC-003642, doc. núm. 45296)

### Emenda de adición

Débense engadir os seguintes puntos na parte resolutiva da proposición non de lei:

“4. Reforzar a liña de axudas sobre un servizo mínimo de subministro de enerxía, de electricidade e gas (Tiquet eléctrico social), que permita garantir o subministro enerxético ás familias que estean en situación de pobreza enerxética, duplicando cando menos a súa partida orzamentaria (09-20-733A-480-10).

5. Avanzar cara o obxectivo de que esta liña de axudas se desenvolva no ámbito das políticas de benestar social, mais alá da colaboración coa Consellería de Economía e Industria.

6. Arbitrar medidas de apoio e información que faciliten a súa solicitude a aquelas persoas afectadas por este problema.”

Pazo do Parlamento, 18 de febreiro de 2019

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/02/2019 16:33:32  
**Nº Registro: 46466**  
Data envío: 18/02/2019 16:33:32.997

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/02/2019 16:17:31**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/02/2019 16:17:36**

CSV: REXISTRO-XJd0G0qC-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



## Á Mesa da Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado **Abel Losada Alvarez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a realización dun estudo respecto do impacto do deseño na economía galega (10/PNC-003644, doc. núm. 45335)

### Emenda de adición

Débense engadir os seguintes puntos na parte resolutiva da proposición non de lei:

“2. Incrementar nos orzamentos do ano 2020 o programa: *561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica*, nunha contía suficiente que permita acercarse aos obxectivos recollidos no *Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020*, que situaba duplicar a inversión en I+D+i en dito ano.

3. Reforzar os orzamentos para o ano 2020 nun 50 %, na partida 09-30-751A-44110, e polo tanto as liñas de axudas ás empresas, nomeadamente as Pemes, no ámbito dos programas de *Galicia Calidade*.

4. Reforzar os orzamentos para o ano 2020 nun 50%, na partida 09-30-751A-44304, e polo tanto as liñas de axudas ás Pemes, no ámbito dos programas da *Fundación Centro Galego de Artesanía e do Deseño*.”

Pazo do Parlamento, 18 de febreiro de 2019

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/02/2019 16:33:51  
**Nº Rexistro: 46467**  
Data envío: 18/02/2019 16:33:51.175

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/02/2019 16:18:08**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/02/2019 16:18:14**

CSV: REXISTRO-7cShBkUOp-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



## Á Mesa da Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado **Abel Losada Alvarez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa afección que supón no Camiño de Santiago o proxecto de reapertura da mina de cobre dos concellos de Touro e O Pino, así como coa protección do ramal histórico Arzúa – Amenal e o camiño de Rosas – Losas –San Sadurniño (10/PNC-003296, doc. núm. 40698)

### Emenda de modificación

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que teñan en consideración de forma estrita as seguintes consideracións á hora de emitir os preceptivos informes, que serán previamente enviados de novo ao concello e aos axentes económicos e sociais, sobre a explotación mineira *Cobre san Rafael S.L.* no concello de Touro.

1. Obrigación da eliminación da contaminación existente actualmente nas augas das canles que discorren polas proximidades da antiga canteira. Para iso será necesario realizar un Estudo detallado da situación actual da calidade das augas das canles procedentes da antiga canteira ou as canles cuxas augas están actualmente contaminadas palas escorrentías da antiga canteira, determinando o seu grao de contaminación. Procederase ao deseño e execución de medidas preventivas e correctoras para reducir a contaminación que actualmente rexistran as canles que rodean a antiga explotación, ata alcanzar os niveis normativos. Deberanse aplicar medidas construtivas específicas de redución da contaminación (cantes perimetrais, balsas de decantación, balsas de descontaminación, etc.), así como medidas de control e seguimento da calidade das augas das canles actualmente afectadas polo antiga canteira durante o período de explotación e a longo prazo despois da súa clausura.



2. Estudo das captacións e conducións de auga municipais, veciñais e privadas, existentes; incluíndo neste estudo as captacións para abastecemento e as de rega agrícola.
3. Antes do inicio de calquera actuación será necesario contar coa Autorización de Vertedura do órgano de conca Augas de Galicia, para o que deberá iniciarse a tramitación da mesma coa suficiente antelación.
4. Un estudo detallado da posible incidencia sobre o río Ulla e os seus elementos asociados no Concello de Touro.
5. Incluír un cronograma temporal de execución ou programa de obras, que estableza a secuenciación dos traballos para realizar e identifique os puntos críticos desde o punto de vista ambiental; establecendo a secuencia dos traballos, de forma que se garanta que todas as medidas ambientais de prevención están executadas antes da realización das actuacións con potencial contaminador.
6. Incluír un Proxecto de Execución da Restauración independente onde se inclúan todos os elementos detallados ao respecto no presente informe.
7. Incluír unha prospección intensiva do ámbito do Castro de Copa que determine o seu valor arqueolóxico, e estableza as medidas de protección e control sobre o mesmo, así como sobre outros elementos que poidan detectarse durante a actuación.
8. Incluír un Proxecto de Medidas Ambientais onde se describan detalladamente as medidas para aplicar.
9. Detallar o proceso de depuración das augas de vertedura durante os cinco primeiros anos, de forma que a planta de depuración incorpore os equipos necesarios para obter os nivel de calidade normativos.
10. Incluír unha canle perimetral de recollida de augas limpas, que abarque todas as concas vertentes cara ao ámbito da canteira.
11. Incluír un proxecto detallado do sistema de drenaxe que complete os erros detectados nos documentos do proxecto.
12. Incluír un sistema perimetral de recollida das augas xeradas no interior da explotación.





13. Incluir un proxecto autorizado por Augas de Galicia onde se detalle o desvío das canles Rego de Burgos e Rego de Pucheiras; proxecto que garanta que estas canles non se verán afectadas pola auga de escorrentía interior.
14. Incluir un plan de monitoreo e control das instalacións e das augas subterráneas. Este plan deberá abarcar os 15-20 anos posteriores á clausura da canteira, para permitir a avaliación da eficacia do selado e desmantelado da actividade.
15. Incluir un estudo de maior profundidade sobre as medidas de seguridade que se poderían adoptar para previr o risco de falla dos muros principais das instalacións de residuos.
16. Incluir a definición detallada das medidas preventivas e correctoras asociadas ás distintas instalacións auxiliares da nova explotación.
17. Realizar o estudo de avaliación ambiental específico da liña de subministración eléctrica.
18. Incluir unha xustificación do emprego das mellores técnicas de proceso dispoñibles, boas prácticas ambientais, así como un programa de aforro enerxético, de consumo de auga e do consumo doutros recursos naturais.
19. Incluir unha avaliación paisaxística específica do depósito temporal de estériles.
20. Incluir un Proxecto de Abandono da Explotación, onde se planifique a demolición de todos os elementos estruturais que non vaian prestar servizo con posterioridade ao peche da canteira, incluídas as cimentacións das instalacións.
21. Incluir un Plan de Vixilancia Ambiental detallado, segundo os contidos establecidos no propio Informe.
22. Incluir no proxecto a contía das garantías financeiras, detallando a que responde o cumprimento das obrigas de financiamento e viabilidade dos traballo mineiros, e a outra, que responderá o cumprimento do plan de restauración ambiental. Así mesmo, dar a coñecer cal é a constitución das mencionadas garantías (depósitos en entidades financeiras, bonos, avales etc...).
23. Incluir no proxecto un detallado plan de avaliación de riscos derivados das labores de explotación e especialmente da xestión dos residuos xerados pola explotación mineira, para así determinar o máis axeitadamente posible, polo



órgano competente, a contía que terá que cubrir o seguro de responsabilidade civil.

24. Planificar dende o inicio da explotación mineira, o futuro social e económico dos concellos afectados, desenvolvendo novas actuacións de formación axeitadas que permitan unha reconversión profesional o mais doada posible; así como estratexias de diversificación económica, aproveitando os ingresos procedentes das actividades mineiras.”

Pazo do Parlamento, 18 de febreiro de 2019

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/02/2019 17:28:07**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/02/2019 17:28:12**



## Á MESA DA COMISION 6.<sup>a</sup>

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. 45296, do Grupo Parlamentario Popular, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para corrixir as deficiencias detectadas no procedemento de concesión do bono social, incluída na orde do día da Comisión 6.<sup>a</sup> do 19 de febreiro de 2019. (10/PNC-003642),

### **Emenda nº 1 de Adición**

Débense engadir ao final da parte resolutiva o seguinte punto:

4.- Realizar unha inversión da carga de proba na realización dos trámites para a obtención do BSE. A Administración xa ten os datos fiscais e de ingresos dos cidadáns, polo que lle sería moi doado facer esta filtraxe. O cidadán só tería que facer a solicitude cos seus datos persoais e a concesión sería automática, salvo que a administración teña datos de ingresos ou doutro tipo que xustifiquen a denegación.

### **Emenda nº 2 de Adición**

Débese engadir un novo apartado cos seguintes puntos:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1.- Poñer en marcha de inmediato unha campaña en medios de comunicación públicos e privados para informar das condicións do novo Bono Social e de





como tramitalo, así como de accións directas en todas as comarcas de Galicia para axudar e tramitar as solicitudes dos posibles beneficiarios. A acción debería complementarse con asesoramento sobre as tarifas e potencias máis axeitadas para cada fogar, así como de medidas para baixar o consumo.

2.- Facer unha modificación orzamentaria para que o complemento do 50%, a cargo da Xunta, para os fogares en risco de exclusión, poda chegar realmente a todos os fogares que cumpren esta condición.

3.- Desenvolver un estudo amplo e rigoroso sobre a extensión e o impacto real da pobreza enerxética en Galicia. A partires deste estudo modificar a lexislación e orzamentos da Autonomía de Galicia para conseguir erradicar esta lacra da nosa sociedade.

4.- Ante as flagrantes trabas e incumprimentos por parte das comercializadoras da tramitación áxil e doada da tramitación, así como das denegacións infundadas, recadar, a través do Instituto Galego de Consumo, datos dos cidadáns para interpoñer unha demanda colectiva.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Luís Villares Naveira

Deputado e voceiro do G.P. de En Marea.





**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 18/02/2019 18:11:28**

**Luis Villares Naveira na data 18/02/2019 18:11:40**

